IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

PORTFOLIO EUROPEO DE LINGUAS

CURSO ACADÉMICO 2009-2010

MEMORIA

DATOS DO CENTRO: IES SAN ROSENDO-MONDOÑEDO

COORDINADORA: SALOMÉ IGLESIAS ROMERO (especialidade: inglés)

PROFESORES PARTICIPANTES:MARÍA JOSÉ CUESTA FERNÁNDEZ (especialidade: inglés), AUREA RAMIL DÍAZ (especialidade: galego), MARÍA JOSÉ BLANCO GARCÍA (especialidade: inglés), MARÍA ELENA REGO MÉNDEZ (especialidade: lingua e literatura castelá), ELENA MÉNDEZ FERNÁNDEZ (especialidade: francés).

NÚMERO DE SESIÓNS ADICADAS AO PORTFOLIO POR PARTE DO PROFESORADO: reunións semanais co fin de familiarizarse co uso do Portfolio e para a proposta das actividades e a posta en común dos resultados obtidos despois de realizar as distintas tarefas cos alumnos/as na aula.

NÚMERO DE SESIÓNS ADICADAS AO PORTFOLIO POR PARTE DOS ALUMNOS/AS: unha hora semanal na clase aproximadamente máis algunhas tarefas que se lles mandou realizar aos alumnos/as fóra do horario escolar.

NIVEIS EDUCATIVOS COS QUE SE REALIZOU O PORTFOLIO E NÚMERO DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES:

- 1º ESO: FRANCÉS como segunda lingua estranxeira (profesora: Elena Méndez Fernández. Número de alumnos/as: 22).

- 3º ESO: LINGUA CASTELÁ (profesora: Elena Rego Méndez. Número de alumnos/as: 16).
- 3º ESO: INGLÉS como primeira lingua estranxeira (profesora: Salomé Iglesias Romero. Número de alumnos/as: 16).
- 1º BACH: INGLÉS como primeira lingua estranxeira (profesora: María José Blanco García. Número de alumnos/as: 26).
- 1º BACH: GALEGO (profesora: Aurea Ramil Díaz. Número de alumnos/as: 26).
- 2º BACH: INGLÉS como primeira lingua estranxeira (profesora: María José Cuesta Fernández. Número de alumnos/as: 29).

DESTREZAS QUE SE INCLÚEN EN TODAS AS LINGUAS TRABALLADAS TANTO PRODUCTIVAS COMO RECEPTIVAS:

- COMPRENDER: comprensión auditiva e comprensión lectora.
- FALAR: expresión oral e interacción oral (conversar).
- ESCRIBIR: expresión escrita.

DESCRITORES A TRABALLAR: A1, A2 e B1.

OBXECTIVOS:

- Reflexionar sobre a aprendizaxe de linguas, tanto estranxeiras como propias.
- Familiarizarse co uso do PEL.
- Aprender a autoavaliarse e darse conta do que un sabe ou non sabe facer cunha lingua.
- Reflexionar sobre as experiencias interculturais do titular.
- Facilitar a mobilidade dos titulares en Europa, elaborando un currículo lingüístico que o titular poida aportar se así o considera oportuno (por

IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

exemplo, nunha entrevista de traballo ou para conseguir unha beca de estudios nun país estranxeiro).

Tendo en conta de que é a primeira vez que se realiza o Portfolio Europeo de Linguas nas aulas do IES San Rosendo e debido ao descoñecemento acerca do mesmo do profesorado participante, como coordinadora propuxen as seguintes actividades coa temporalización que se indica a continuación para unha toma de contacto con este documento (PEL) confeccionado polo Consello de Europa e baseado no Marco Común Europeo de Referencia de Linguas.

IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

TEMPORALIZACIÓN E ACTIVIDADES A REALIZAR

1. INTRODUCIÓN A ESTRUTURA DO PORTFOLIO.

O **Portfolio Europeo de Linguas** (PEL) é un **documento** confeccionado polo Consello de Europa e baseado no Marco Común Europeo de Linguas.

As súas funcións principais que influirán positivamente na aprendizaxe de linguas son:

- Informar sobre a **competencia lingüística**.
- Informar sobre as **experiencias interculturais** do titular.
- Facilitar a **mobilidade dos titulares** en Europa.
- Facer claras, recoñecibles e **homologables** as **certificacións** de **linguas** en toda Europa.

O portfolio consta de **tres seccións**:

- **O pasaporte**.
- **A biografía lingüística**.
- **O dossier**.

2. DISTRIBUCIÓN DAS TAREFAS E TEMPORALIZACIÓN DO PORTFOLIO NAS AULAS.

1. Familiarización co **uso do Pasaporte**, tanto por parte dos alumnos como do profesorado.

   Tarefa 1: encher o **perfil das competencias lingüísticas**.
   Tarefa 2: resumo das experiencias de aprendizaxe.

   (Temporalización 15 de Febreiro)

IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

2. **Biografía lingüística**.

Tarefa 3: cubrir os impresos das seguintes páxinas: 5, 7, 9, 11, 13, 15, 17, 19, 21, 23, 25, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 39, 41, 43, 45, 47 e 49. Extraer e anotar as conclusións das reflexións feitas cos alumnos/as na aula (aspectos positivos, aspectos negativos, suxestións, incidencias, outros). Non é preciso cumplimentar todos os impresos. Podédesvos centrar nos que pensedes que sexan de máis utilidade tendo en conta as características de cada grupo.

(Temporalización 15 de Marzo)

3. **Dossier**.

Tarefa 4: solicitar aos alumnos a selección individualizada dos diferentes materiais para incluir no Dossier.

(Temporalización 15 de Maio)

O PASAPORTE DE LINGUAS

Unha vez realizadas as tarefas 1 e 2 propostas na sección adicada ao pasaporte de linguas e tras traballar co pasaporte nas aulas e facer as reflexións oportunas acerca do mesmo, os alumnos/as e o profesorado participante chegaron ás seguintes conclusións:

IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

Aspectos positivos:

- Os alumnos/as toman conciencia da situación de plurilingüismo que vivimos en Galicia e da importancia dunha lingua como medio de comunicación e interacción social e coñecemento intercultural.
- O coñecemento dunha lingua non é só adquirir a competencia gramatical da mesma, senón tamén unha competencia comunicativa.
- Os alumnos/as toman conciencia da importancia da autoavaliación para mellorar os seus coñecementos.
- Os grupos de alumnos/as que foron seleccionados para traballar o PEL no centro síntense satisfeitos e contentos de ser os escollidos para iniciar este proxecto. (Alumnos/as de outros niveis que non foron seleccionados para traballar o PEL amosaron un gran interese e manifestaron o seu desexo de participar nel o vindeiro curso académico).
- O PEL é un bo medio de difusión do proxecto e dos niveis europeos que veñen recollidos no Marco Común Europeo de Referencia.
- Traballar o PEL na aula supón un intercambio de experiencias lingüísticas moi positiva entre os alumnos/as.

Aspectos negativos:

- Hai un descoñecemento total do Portfolio. Os alumnos/as non oíron falar nunca deste documento. Tampouco é coñecido socialmente.
- Os alumnos/as descoñecen conceptos tan básicos nunha lingua como o de *lingua materna* e o de *perfil lingüístico*.
- Os alumnos/as non barallan a posibilidade de desprazarse por motivos de

traballo a ningún país comunitario.

- Os alumnos/as nunca reflectiron sobre o seu nivel lingüístico nin sobre as súas competencias lingüísticas.
- Os alumnos/as descoñecían que para algunhas carreiras universitarias no futuro van ter que demostrar un nivel B2 de coñecemento dunha lingua extranxeira. Os alumnos/as non sabían da existencia e do significado dos descritores recollidos no Marco Común de Referencia: A1, A2, B1, B2, C1 e C2.
- Os alumnos/as descubren que non saben tanto como pensaban ao cubrir os descritores do pasaporte lingüístico. Algúns comentan que tras doce anos estudiando inglés non poden cubrir nin sequera o nivel A1 en todas as destrezas lingüísticas. Isto desmoralízaos bastante.
- Os alumnos/as danse conta de que descoñecen moitos aspectos incluso das súas linguas maternas, polo que chegan á conclusión de que se non coñecen as linguas propias difícilmente poden aprender unha segunda lingua.

A BIOGRAFÍA LINGÜÍSTICA

Unha vez cuberto o pasaporte lingüístico e feitas as oportunas reflexións acerca do mesmo e dos descritores que se traballaron procedemos á realización da tarefa 3 referente á biografía lingüística: cubrir os impresos das seguintes páxinas: 5, 7, 9, 11, 13, 15, 17, 19, 21, 23, 25, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 39, 41, 43, 45, 47 e 49. O obxectivo principal desta tarefa é extraer e anotar as conclusións das reflexións feitas cos alumnos/as na aula (aspectos positivos, aspectos negativos,

suxestións, incidencias, outros). Lémbrase ao profesorado que non é preciso cumplimentar todos os impresos, senón os que poidan ser de máis utilidade tendo en conta as características de cada grupo.

Aspectos positivos:

- Prefiren dar as clases de idiomas na lingua correspondente, aínda que no caso das linguas estranxeiras lles resulte máis difícil. Gústalles ter inglés en inglés, francés en francés, galego en galego e lingua española en castelá. Eles mesmos recoñecen que aprenden moito máis, sobre todo vocabulario e pronunciación no caso das linguas estranxeiras. Tamén entenden mellor os exercicios de comprensión oral se están expostos máis tempo a esa lingua.
- Os alumnos/as atopan de bastante utilidade traballar o PEL porque lles sirve para reflexionar sobre aspectos lingüísticos que nunca se plantexaran anteriormente.

Aspectos negativos:

- Os alumnos/as danse conta de que lles custa moito autoavaliarse, xa que non están afeitos a facelo. Sempre é o profesor o que corrixe e o que lles indica o que saben ou non saben facer. Non son eles os que reflexionan acerca da súa aprendizaxe para poder mellorar os seus resultados.
- Os alumnos/as admiten que non son capaces de comunicarse ben en inglés, a pesar de levar moitos anos cursando esta lingua como primeira lingua estranxeira no instituto e anteriormente na escola.

- O 100% dos alumnos/as recoñecen que cando o profesor/a lles entrega algún exercicio corrixido miran os erros cometidos sen prestarlles demasiada atención. Algúns admiten que gardan o exercicio sen miralo.
- Os alumnos/as síntense un pouco abrumados porque toman conciencia dos seus escasos coñecementos lingüísticos. Pensaban que sabían máis do que en realidade saben.
- Os alumnos/as recoñecen que participan pouco nas clases orais das linguas estranxeiras porque teñen medo a que os compañeiros se rían deles. Pero danse conta que cando un estranxeiro lles pregunta algunha dirección na rúa e o seu español ou galego non é bo, eles fan o esforzo por entendelo e non lles causa ningunha sensación de vergoña nin de risa, xa que o máis importante é comunicarse (entender e facerse entender).

Outros:

- Aos alumnos/as chámalles a atención que os seus avós lles falen en castelán aínda que tantos os avós como os netos empregan o galego en todos os ámbitos. (A lingua materna empregada en Mondoñedo é o galego como norma xeral). Os seus avós consideran o castelán lingua de prestixio frente ao galego.
- Os alumnos/as escoitan música en inglés e en castelán. Non coñecen grupos galegos como por exemplo *Luar na Lubre*, a pesar de ser galego falantes.
- Os alumnos/as coinciden unanimemente que tres horas semanais non é suficiente para aprender ningunha lingua, aínda que recoñecen que non queren máis horas porque iso suporía dar máis materia e levar máis deberes

IES SAN ROSENDO
AVDA. AS SAN LUCAS 33
27740 MONDOÑEDO-LUGO
TEL.: 982521034 FAX: 98207444
ies.san.rosendo@edu.xunta.es

para casa, e terían menos tempo libre para eles.

- Os alumnos/as indican que cando teñen que comunicarse con outros falantes (amigos ou familiares) doutras comunidades bilingües, ás veces non consiguen chegar a un acordo para escoller a lingua vernácula e rematan falando en castelán.

Conclusións:

Tras traballar os distintos apartados do PEL na aula e reflexionar sobre a súa utilidade chegamos ás seguintes conclusións finais:

- O PEL é de gran utilidade para:
  - Aprender e ensinar de modo máis reflexivo.
  - Clarificar os obxectivos de aprendizaxe.
  - Identificar as competencias lingüísticas.
  - Fomentar a autoavaliación.
  - Incrementar a responsabilidade do aprendiz.
  - Fomentar a motivación polas linguas.
  - Fomentar a tolerancia hacia a diversidade.

Mondoñedo, 21 de Maio de 2010

Asinado: Salomé Iglesias Romero